

BEB

EXPEDIENTE	2024001215
ASUNTO	ORDENANZA REGULADORA DO USO, FUNCIONAMIENTO E ORGANIZACIÓN DAS INSTALACIONES DO CENTRO VACACIONAL DE A LANZADA
TRÁMITE	INICIO DO EXPEDIENTE

A Deputación de Pontevedra leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre, entre outras.

O Servizo de Xuventude e Reto Demográfico xestiona o programa "Campamentos a Lanzada", que se desenvolve no Centro de Vacacións da Lanzada, dirixido a rapazas e rapaces de todos os concellos da provincia de Pontevedra.

Este programa permite que ata un máximo de 1.540 menores empreguen o seu tempo libre no verán, participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e faciliten que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual.

Así mesmo, o Servizo encárgase de tramitar as solicitudes de uso das instalacións e o seu mantemento e equipamento, sen que ata a data teñamos un instrumento que regule as condicións de uso.

Os Centro de Vacacións de A Lanzada é un ben de dominio público, titularidade desta Administración, no que se prestan distintos servizos á cidadanía e que ten por finalidade fomentar a educación en valores, a práctica deportiva, a convivencia, así como defender e fomentar o respecto polo medio ambiente, e promover a utilización racional de todos os recursos naturais.

A Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade dos CV para Lanzada desde o ano 1964, e desde entón tivo distintas finalidades, chegando a converterse en 1976 nun complexo vacacional con usos e contido similares aos actuais, manténdose ao longo da súa historia un marcado fin social.



De acordo con o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas e no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se regula o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o uso deste espazo configúrase como un uso especial de bens de dominio público adscritos ao servizo público, sometido en consecuencia a autorización administrativa, e sempre supeditado á súa dispoñibilidade, unha vez cubertas as necesidades de Programación propias da Deputación Provincial de Pontevedra.

A autorización para o uso destes espazos é unha decisión discrecional, que supón a utilización especial dun espazo público, polo que a súa autorización deberá supeditarse a criterios de minimización do uso privado fronte ao público, debendo prevalecer, nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral do cidadán.

Por outra banda a intención desta Institución é abrir os espazos públicos á cidadanía, en especial á mocidade, co fin de que poidan desenvolver actividades medioambientais, sociais, culturais, intercambios, formativas e calquera outra de natureza análoga nun espazo idóneo onde poder convivir nun entorno natural único.

Por todo o anterior é necesario regular as condicións de uso das instalacións e o procedemento para a tramitación das mesmas polo que en base ao anteriormente exposto, de acordo co previsto na Resolución Presidencial con data de rexistro do 1 de agosto de 2019 e número 2019014186 en relación coas delegacións conferidas en materia de subvencións, **DISPOÑO:**

Primeiro. - O inicio do expediente para a tramitación da Ordenanza Reguladora de usos do Centro Vacacional de A Lanzada.

Segundo. - Que se acheguen ao expediente todos aqueles informes que sexan preceptivos polas disposicións legais aplicables.

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento rural

Asinado dixitalmente na marxe.

